

VºBº:



**TEXTO:**

Para debido coñecemento e difusión de tódolos interesados, envíase información referente a:

**- ADESTRAMENTO FEDERATIVO JUDO -**  
Categorías: **Infantil e Cadete** Data: **Sábado 23 de abril de 2022**

<b>OBXECTIVO:</b>	Tecnificación: Selección e preparación para Campionato de España Escolar de Judo.	
<b>LUGAR:</b>	CGTD - Centro Galego de Tecnificación deportiva de Pontevedra.	
<b>DATA:</b>	Sábado 23 de ABRIL de 2022.	
<b>HORARIOS:</b>	10.30 - 10.45h	Recepción e Chegada.
	11.00 - 12.00h	Adestramento táctico.
	12.00 - 13.00h	Randori.
	13.30h	<b>ALMORZO.-</b> A cargo da FGJ e D.A. para os convocados que confirmen. antes das 12 horas do día 19/04/2022.
	16.00 - 17.00h	Adestramento táctico.
	17.00 - 18.00h	Randori
	18.30h	Dispersión
<b>DEPORTISTAS CONVOCADOS:</b>	Tres primeiras/os clasificadas/os femininas e masculinos do Ranking Galego das categorías infantil e cadete por peso.	
<b>DATOS:</b>	<u>O club debera enviar unha lista confirmando os asistentes a esta Concentración nas distintas categorías á Federación Galega de Judo, antes das 12 horas do día 19/04/2022.</u> <u>No caso de non asistir algún deportista, este deberá xustificar a súa ausencia por escrito á F.G.J. e D.A.</u>	
<b>DOCUMENTACIÓN:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• DNI e certificado de vacinación con pauta completa ou recuperación.</li><li>• No seu defecto certificado negativo de test de antixenos (asinado e selado por un centro oficial) realizado nun PRAZO MÁXIMO de 48h de antelación á celebración da actividade.</li><li>• Autorización paterna.</li></ul>	

## GUÍA XERAL DE ACTUACIÓN PARA DEPORTISTAS E TÉCNICOS CONVOCADOS

Debido ao COVID-19, deberan terse en conta unha serie de puntos de vital importancia, recollidos nesta *guía de actuación para todos/as os/as participantes* e no protocolo fisicovid da Federación Galega de Judo e D. A., aprobado pola Xunta de Galicia.

Todas/os as/os participantes deberán dirixirse á Sala de Judo do CGTD (Pontevedra) á hora indicada nesta circular. Deberán acceder ao control pola entrada especificada do pavillón para comprobar o **CERTIFICADO DE VACINACIÓN OU RECUPERACIÓN CON PAUTA COMPLETA**. ¡ATENCIÓN! á calidade da presentación en papel xa que se lerá o QR, tamén pode presentarse en dispositivo dixital. No caso de non estar vacunado deberá presentar un certificado negativo de test de antixenos (asinado e selado por un centro oficial) realizado nun PRAZO MÁXIMO de 48h de antelación á celebración da actividade.

Só poderán acceder os convocados/as (deportistas) incluídos na lista de confirmación dos clubs, os técnicos federativos e un adestrador por club como máximo.

Ao entrar identificareime co meu **DNI, CERTIFICADO DE VACINACIÓN**, etc., apuntaranme na lista e tomaranme a temperatura. Irán entrando individualmente despois de entregar as distintas declaracións e autorizacións oficiais. Sendo obrigatorio manter a distancia persoal de seguridade e a máscara en todo momento, coas excepcións indicadas no protocolo vixente nese momento. O acceso estará controlado por persoal federativo que vixiará o uso de máscara en todo momento para todos/as, así como que non se completen os aforos e se manteña a distancia de seguridade.

O uso da máscara é obrigatorio para todos en todo momento, excepto no tatami durante o adestramento ou cambios no protocolo vixente. A máscara deberá gardarse no recipiente apropiado mentres non se estea utilizando e evitar deixala ou tirala fóra dos lugares indicados para iso.

Deberán seguirse estritamente os circuítos de entrada, saída e desaloxo, atendendo sempre ás instrucións dos responsables organizativos. Habrá puntos de desinfección con hidroxel alcohólico nas zonas de paso de uso obrigatorio. As bolsas e o material deportivo só poderán estar nos lugares habilitados a tal efecto.

As persoas non deberán permanecer en corredores ou accesos onde non se poda gardar a distancia con outros participantes no evento ou membros da organización.

**RECOMÉNDASE LER BEN TODA A GUÍA DE ACTUACIÓN XA QUE O INCUMPLIMIENTO DO PROTOCOLO SUPÓN A EXPULSIÓN, A NON PARTICIPACIÓN EN PRÓXIMOS EVENTOS E, SEGUNDO O CASO, A POSIBLE APERTURA DUN EXPEDIENTE DISCIPLINARIO, Á MARXE DE CALQUERA OUTRA RESPONSABILIDADE.**




## TÉCNICOS CONVOCADOS:

### DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS



### ORGANIGRAMA XERAL 2021 - 2022



**RECOMÉNDASE LER BEN TODOS OS PUNTOS DESTA CIRCULAR E CONSULTAR CALQUERA DÚBIDA COA FEDERACIÓN**

Calquera aspecto o dúbida no protocolo ou nesta circular resolverase a criterio da Dirección Deportiva.

**A DIRECTORA DEPORTIVA**

Asdo. Mónica Pacheco Lomba.